



BENVIDA DA ANPA GALATEA

Boas, familias.

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos damos a benvida a todos neste novo curso escolar. Saúdo especial a esas familias novas que pasades a formar parte da nosa comunidade do Virxe do Mar.

Grazas a todas as familias que ano a ano renovades a confianza nesta ANPA. E aos novos, animámosvos a formar parte da ANPA Galatea.

ONDE ESTAMOS? O local da ANPA está no primeiro andar enriba das aulas de infantil. Estamos alí os martes de 9:15 a 10:00 e os mércores de 16:00 a 17:00. Tamén podedes contactar por correo anpavirxedomar@gmail.com ou no buzón da entrada.

COMO ASOCIARME ou RENOVAR? Cubrindo o formulario de inscrición/renovación de socio e abonar unha **cuota anual de 20 euros por familia**. Podedes pedir os formulario no local da ANPA ou descárgalos da web do cole (apartado ANPA). Na web tamén atoparedes a “Presentación da ANPA” que nos gustaría que leades.

ALMORZOS/MADRUGADORES: Na web do cole (apartado ANPA) tedes o formulario para inscribivos se precisades o servizo de almozos/madrugadores (7:30-9:00).

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES: Esta semana anunciaremos a oferta de actividades extraescolares. Comezarán a impartirse en outubro.

Varias delas serán en colaboración co **Padroado de Cultura** de Narón: O recuncho dos pequechos, Teatro, e Debuxo. Os alumnos xa inscritos no pazo de cultura poden cambiarse ao cole.

Tamén ofrecemos baile tradicional e pandeireta, dúatlon (imparte o Club Náutico de Narón), cociña, baile, patinaxe, ou skate entre outros. Unha oferta para cubrir de luns a xoves, de 16:00 a 18:00h.

Saúdos da directiva da ANPA Galatea:

Rubén López Lagares (pai de alumna de 3º)

Patricia Rodríguez Juste (nai de alumno de 5º).

Silvia Rivas Romero (nai de alumno de 3º),

Javier García Traverso (pai de alumnos de Infantil e 3º)

Laura Rodríguez Marcos (nai de alumnas de 2º e 3º)

Mónica Rodríguez Ríos (nai de alumno de 4º)